

**PERSOAL**

MLP/eva

Refª: convocatoria- bases específicas quenda libre 4 prazas Traballador social.doc

Asunto: conv. e bases específicas funcionario 4 prazas Trabajaador social q.l.

**DECRETO NÚMERO 584/2008 DO LIBRO DE RESOLUCIÓNS EN MATERIA DE PERSOAL Ó SERVIZO DA CORPORACIÓN, DITADAS POLO TENENTE DE ALCALDE DELEGADO DE ÁREA.**

**Ilmo. Sr. Don JOSÉ RÁBADE ARIAS, Tte. De Alcalde Delegado da Área de Réxime Interior e Protección da Comunidade.**

**Lugo, a vinte e un de xullo do dous mil oito.**

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 2.04.2008, aprobou a Oferta de Emprego Público para o ano 2008, publicándose no Boletín Oficial da Provincia número 90 de data 19.04.2008

Asi mesmo, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 16.07.2008, aprobou as bases específicas para o acceso en propiedade a catro prazas de Traballador/a Social (Unha delas reservada para persoas discapacitadas), pertencentes ó cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre, incluída na referida Oferta de Emprego.

Polo exposto anteriormente, en virtude das atribucións conferidas á Xunta de Goberno Local, no artigo 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e acordo número 1/877 do dito órgano de goberno, de delegación de atribucións, do 18.10.2004 e acordo número 3/533 de 20.06.2008,  
**RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Convocar o proceso selectivo mediante o sistema de oposición libre, para o acceso a catro prazas de Traballador/a Social (unha delas reservada para persoas discapacitadas), do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre, que se rexerá tanto polas Bases Xerais para o acceso en propiedade a plazas de funcionarios e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, en sesión do 18.06.2008, publicadas no BOP número 157 do 9.07.2008 e como polas bases específicas tamén aprobadas por dito órgano na sesión do 16.07.2008, que seguidamente se transcriben:

**“BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A CATRO PRAZAS DE TRABALLADOR/A SOCIAL (UNHA DELAS RESERVADA PARA PERSOAS DISCAPACITADAS) PERTENCENTE Ó CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA LIBRE**

## **PERSOAL**

MLP/eva

Ref<sup>o</sup>: convocatoria- bases específicas quenda libre 4 prazas Traballador social.doc

Asunto: conv. e bases específicas funcionario 4 prazas Trabajaador social q.l.

1º.- **OBXECTO.**- Estas bases específicas teñen por obxecto a regulación dos aspectos particulares do proceso de selección para o acceso, como funcionario de carreira, a catro prazas de traballador/a social, do cadro de persoal do Excmo. Concello de Lugo, en todo o que non estea previsto nas "BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS DE FUNCIONARIOS E PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA LIBRE".

Establécese a reserva dunha praza para ser cuberta entre persoas con discapacidade de grao igual ou superior ó 33%. A opción á participación no procedemento selectivo para a praza reservada para persoas discapacitadas terá que formularse na solicitude de participación da correspondente convocatoria. A súa condición de discapacitado/a deberá acreditarse coa certificación do órgano competente, así como, igualmente, deberán presentar certificado expedido polo mesmo órgano ou polo competente da Administración sanitaria, que acredite a compatibilidade das súas circunstancias físicas ou psíquicas co desempeño das tarefas e funcións da correspondente praza. Todo isto deberá acompañar a solicitude de participación no proceso selectivo.

Con anterioridade ó nomeamento, e unha vez superado o proceso selectivo, o Alcalde poderá requirir, respecto ás persoas que accedan por esta cota de reserva, ditame do órgano competente sobre a compatibilidade do candidato/a para o posto de traballo ou sobre as adaptacións deste último.

Se a praza reservada para persoas con discapacidade non se cubrira por este sistema acumularase á quenda libre.

O órgano competente da Corporación poderá adscribir as persoas aspirantes nomeadas, a través do correspondente procedemento regulamentario, a calquera posto de traballo que, de acordo co seu grupo de titulación, teña asignadas funcións propias desta categoría profesional.

## **2º.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA**

- a) Denominación da praza: traballador/a social
- b) Grupo de titulación: GRUPO A (subgrupo A2)
- c) Outras características:
  - Escala: administración especial
  - Subescala: técnica
  - Clase: técnico medio

3º.- **SISTEMA SELECTIVO.** O sistema selectivo será o de oposición libre.

## **PERSOAL**

MLP/eva

Refª: convocatoria- bases específicas quenda libre 4 prazas Traballador social.doc

Asunto: conv. e bases específicas funcionario 4 prazas Trabajaador social q.l.

### **4º.- TITULACIÓN ESIXIDA PARA O ACCESO Á PRAZA:**

Título de diplomado/a en traballo social ou asistente social.

### **5º.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN**

As solicitudes para participar no correspondente proceso selectivo haberán de axustarse ó modelo aprobado polo Excmo. Concello de Lugo.

As solicitudes de participación deberá xuntárselles a seguinte documentación:

a) Fotocopia do DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea.

b) Fotocopia compulsada da titulación esixida.

c) Xustificante do ingreso dos dereitos de exame. Os interesados e interesadas deberán unirle á solicitude o xustificante de ter ingresados os dereitos de exame. As taxas por dereito de exame para este grupo están fixadas en 16 € de acordo coa Ordenanza fiscal número 119 vixente neste momento no Concello, téndose que estar en todo o relativo ós dereitos de exame co establecido na citada ordenanza. O aboamento da citada taxa farase en calquera das oficinas de Caixa Galicia, no número de conta 2091 0152 26 3110001309.

De conformidade, así mesmo, co previsto no artigo 38 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o importe da taxa por dereitos de exame poderá facerse efectivo mediante xiro postal ou telegráfico ou mediante transferencia á conta enriba sinalada.

O importe dos dereitos de exame só será devolto a quen non fose admitido por falla dalgún dos requisitos esixidos para tomar parte nas probas.

e) No caso de persoas discapacitadas, deberán acompañar á solicitude os documentos establecidos no punto primeiro destas bases específicas.

### **6º.- PROCESO SELECTIVO**

As probas selectivas que deberán superar as persoas aspirantes á praza á que se refiren estas bases específicas son as seguintes:

**A) DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO:**

## **PERSOAL**

MLP/eva

Refª: convocatoria- bases específicas quenda libre 4 prazas Traballador social.doc

Asunto: conv. e bases específicas funcionario 4 prazas Trabajaador social q.l.

**PRIMEIRO EXERCICIO**, teórico: desenvolvemento por escrito, durante un tempo máximo de 90 minutos, dun tema extraído ó chou de entre os comprendidos no temario de materias comúns.

O temario de materias comúns intégrano 12 temas e figura na base décimo sexta das bases xerais xa citadas, que rexerán nos procesos para o acceso en propiedade a prazas pertencentes ó cadro de funcionarios e persoal laboral do Concello de Lugo en quenda libre.

**SEGUNDO EXERCICIO**, teórico: desenvolvemento por escrito de tres temas extraídos ó chou, un de cada unha das partes en que se divide o temario de materias específicas. O tempo máximo para a realización deste exercicio será de tres horas.

**TERCEIRO EXERCICIO**, práctico: consistirá en realizar, durante un período máximo de 90 minutos, un suposto práctico que formulará o tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio, e que estará relacionado cos contidos do programa e coas funcións propias dos titulares destas prazas.

No anuncio de convocatoria deste exercicio, o tribunal determinará os medios materiais dos que deberán, ou poderán, ir provistos os aspirantes para a súa realización.

Os exercicios obrigatorios e eliminatorios cualificaranse de apto ou non apto, e deberá acadarse unha puntuación mínima de 5 para a súa superación. Os exercicios que obteñan a cualificación de apto serán puntuados de 5 a 10 puntos.

## **B) COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA.**

Na realización deste exercicio e na súa valoración haberá que aterse ó disposto na base décimo cuarta letra C das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre.

A cualificación final de cada aspirante será a resultante da suma das cualificacións de cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios.

## **7º.- PROGRAMA TEMARIO DE MATERIAS ESPECÍFICAS**

### **PRIMEIRA PARTE**

Tema 1.- O traballo social: concepto, fundamentos e principios: suxeito, obxecto e contido. Niveis de intervención.

Tema 2.- Proceso metodolóxico en traballo social. Correntes metodolóxicas. Etapas metodolóxicas. Proceso de planificación: aproximación á realidade social.

Tema 3.- Acción social. Concepto e etapas históricas. Política social. O estado de benestar. Modelos alternativos.

## **PERSOAL**

MLP/eva

Refª: convocatoria- bases específicas quenda libre 4 prazas Traballador social.doc

Asunto: conv. e bases específicas funcionario 4 prazas Trabajador social q.l.

Tema 4.- Política social na UE (Unión Europea). A Carta social europea. O Fondo Social Europeo.

Tema 5.- Documentación básica e técnicas utilizadas no traballo social: características e finalidades.

Tema 6.- O traballador social como membro dun equipo interdisciplinar. Códigos de ética no traballo social en relación cos usuarios, coas institucións e outros profesionais.

Tema 7.- O municipio como base operativa para a prestación de servizos sociais. Evolución de acción social. Principios básicos e operativos para unha política de benestar social e calidade de vida.

Tema 8.- Recursos sociais e prestacións existentes no Excmo. Concello de Lugo.

Tema 9.- Organización dos servizos sociais do Excmo. Concello de Lugo.

Tema 10.- A Lei galega de servizos sociais (Lei 4/1993, do 14 de abril). Estrutura e contido.

Tema 11.- Organizacións non gobernamentais. Concepto. Tipos. Organización e coordinación coas distintas administracións.

Tema 12.- Servizos sociais: concepto, principios fundamentais, tipoloxía dos servizos, centros dos servizos sociais, modelo de servizos sociais.

Tema 13.- Declaración internacional de principios éticos do traballo social.

Tema 14.- Pensións non contributivas da Seguridade Social. Normativa vixente. Obxectivos. Tipos. Requisitos.

Tema 15.- A Lei galega de familia, infancia e adolescencia. Dereitos da familia, infancia e adolescencia. Protección da familia.

Tema 16.- Proceso de incapacitación. A tutela

Tema 17.- Pensións contributivas da Seguridade Social. Normativa vixente. Obxectivos. Tipos. Requisitos.

## **SEGUNDA PARTE**

Tema 18.- A Lei sobre os dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.

Tema 19.- Servizos sociais especializados. Concepto. Competencias. Organización. Equipamentos.

Tema 20.- Problemática da muller. Recursos. Servizos de atención á muller no Excmo. Concello de Lugo.

Tema 21.- Requisitos específicos que deberán reunir os centros de acollida para mulleres vítimas de malos tratos. Regulamento dos pisos de acollida e mulleres no Excmo. Concello de Lugo.

Tema 22.- Minorías étnicas. Necesidades e recursos. Aspectos demográficos. Problemáticas específicas e medidas para a integración social.

## **PERSOAL**

MLP/eva

Refª: convocatoria- bases específicas quenda libre 4 prazas Traballador social.doc

Asunto: conv. e bases específicas funcionario 4 prazas Trabajaador social q.l.

Tema 23.- Terceira idade: concepto e aspectos sociais do envellecemento. Necesidades e recursos.

Tema 24.- Transeúntes: concepto, problemática, necesidades e recursos.

Tema 25.- Minusválidos: concepto, problemática social e laboral. Necesidades e recursos.

Tema 26.- Certificado de minusvalía. Solicitud de recoñecemento e beneficios que achega.

Tema 27.- Drogodependencias e alcoholismo: concepto, problemática social e laboral. Servizos e recursos.

Tema 28.- Axudas individuais para o tratamento de drogodependencias en comunidades terapéuticas da Comunidade Autónoma Galega.

Tema 29.- Os malos tratos na infancia. Definición. Tipoloxía. Factores de risco. O proceso de intervención perante o maltrato infantil.

Tema 30.- O desemprego: a súa incidencia nos servizos sociais. O papel do traballador social.

Tema 31.- A inmigración: concepto, problemática, necesidades e recursos.

Tema 32.- Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

## **TERCEIRA PARTE**

Tema 33.- A animación sociocultural.

Tema 34.- Plan galego de inclusión social.

Tema 35.- Fundamentos e obxectivos do Plan concertado para o desenvolvemento de prestacións básicas dos servizos sociais comunitarios nas corporacións locais.

Tema 36.- Servizos sociais de atención primaria. Principios. Obxectivos. Competencias. Organización. Equipamentos. Prestacións básicas que garanten.

Tema 37.- Regulamentación do SAF (servizo de axuda no fogar) da Comunidade Autónoma Galega e do Concello de Lugo.

Tema 38.- A marxinación social. Concepto, causa, clasificación e colectivos de marxinados sociais. Pobreza e marxinación.

Tema 39.- Saúde mental comunitaria: definición e características. Saúde mental positiva.

Tema 40.- Renda de integración social de Galicia. Definición, requisitos, beneficiarios e prestacións económicas. Proxecto de inserción social.

Tema 41.- Axudas para situacións de emerxencia social da Lei galega de medidas básicas para a inserción social.

Tema 42.- Programa de atención ás persoas maiores dependentes a través do cheque asistencial.

Tema 43.- Vivenda: recursos públicos para o acceso a unha vivenda

**PERSOAL**

MLP/eva

Refª: convocatoria- bases específicas quenda libre 4 prazas Traballador social.doc

Asunto: conv. e bases específicas funcionario 4 prazas Trabajador social q.l.

Tema 44.- Programa de acollemento familiar para persoas maiores e minusválidos. Obxecto e finalidade. Beneficios e requisitos.

Tema 45.- Apoio informático nos servizos sociais: SIUSS e MATIASS

Tema 46.- A familia como obxecto de intervención no traballo social: concepto, estrutura e funcións. Modelo técnico de intervención.

Tema 47.- Axudas de prevención e apoio a familias en situacións carencias graves para a preservación dos menores no seu medio

Tema 48.- Traballo social e mediación familiar.”

SEGUNDO.- Procédase a súa publicación na forma legalmente establecida.

Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da súa notificación, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo ou, á elección do interesado, ante o da circunscrición onde teña o seu domicilio. Malia o anterior, e con carácter previo e potestativo, poderá interpoñer recurso de reposición, no prazo de UN MES, contado dende o seguinte á notificación da presente resolución, sen prexuízo de que vostede interpoña calquer outro recurso que estime procedente en Dereito.

Cúmprase.